

ENTREVISTA A “MÁIS TALENTO, MENOS CEMENTO”

“QUERÍAMOS DEBATER ESA VISIÓN DOMINANTE DA ESPECULACIÓN INMOBILIARIA COMO ÚNICA SAÍDA DE FUTURO PARA BARREIROS”

Por Belén Rodríguez

En 2010 xurdía en Barreiros o movemento de contestación social “Máis talento, menos cemento”, do que foron integrantes Comba Campoi e Montserrat Recalde, e que desenvolveron a súa loita conscientes de que alí onde se edificou masivamente, a maioría da veciñanza apoiaba o modelo.



Público na proxección do vídeo Imaxina Barreiros.



Roteiro polas promocións urbanísticas paralizadas.

Que papel cumpriu este movemento?

Tornar visible a oposición a ese modelo de crecemento, que se presentaba como unha grande oportunidade de progreso. Fixo emerxer as “outras” voces e espertar consciencias adormecidas. O pelotazo urbanístico de Barreiros supuxo uns ingresos inesperados que complicaban artellar unha contestación.

Que tipo de accións desenvolveu?

Procuramos integrar activismo, creatividade e entretemento, humor e música como eixe vertebrador da crítica política. A través das redes sociais e de xuntanzas abertas buscamos o contacto entre as persoas que estaban contra ese modelo, independentemente doutro tipo de filiacións ideolóxicas, articulamos como grupo e fixamos obxectivos e accións colectivas. Visitas a modelos máis humanistas de desenvolvemento, *merchandising*, *I Festa de exaltación do cemento*, o vídeo *Imaxina Barreiros*... Mais, o alcalde e a maioría dos construtores negáronse a participar... Vese que o debate non era o seu.

Conseguíase crear masa crítica arredor do urbanismo de Barreiros?

Quen nos comprometemos no movemento xa eramos persoas críticas co modelo. Pero fomos minoría. Alí onde se edificou masivamente, a maior parte da veciñanza apoiaba o modelo, que identificaba cunha forma rápida e doada de progreso. Se cadra coa crise, a creba das caixas e a evidencia dun sistema corrupto, esa maioría ve as cousas doutro xeito. En Barreiros leva gobernando o PP case desde que chegou á democracia, e iso evidencia a conformidade cun modo de facer política.

Que consecuencias tivo aquel andazo urbanizador?

Construtores arruinados, edificios embargados que pasaron a mans da banca, compradores de vivendas sobre plano que perderon o 50% do investido, aldeas pantasma no inverno e hiperpoboadas no verán, ausencia de infraestruturas, contaminación das praias por augas fecais,

destrución da paisaxe... Tamén, os primeiros choques entre a veciñanza e os novos poboadores temporais que conciben o rural como “locus amoenus” onde non pode cheirar mal nin debe haber rúidos que lles perturben o descanso.

Como vedes o futuro?

Non percibimos un futuro diferente. Tratarán de venderse os pisos que quedaron sen vender en canto se poida. Se os equilibrios políticos son os mesmos, moito tememos que non se porán en marcha alternativas económicas para o rural que non pasen por plantacións de eucaliptos e promocións de pisos.

E a nivel máis xeral?

Somos pesimistas. A carón de Barreiros, máis de 4000 persoas pateando diariamente en tempada alta un espazo natural protexido como a Praia das Catedrais é a antítese de protección do medio. Fóra da comarca, a Xunta segue apostando polo monocultivo de eucalipto e non dá mostras de oposición á minaría extractiva hipercontaminante... Os movementos cidadáns de resistencia teñen medios e capacidade de influencia política inmediata moito menores que os *lobbys* da madeira e da minaría.



Montse Recalde.



Comba Campoi.